



## LOCALÍZATE! no teu comercio local

No marco do Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 a Dirección Xeral de Comercio e Consumo pon en marcha a campaña **Localízate! no teu comercio local** co obxectivo de concienciar á xuventude sobre a importancia do comercio local e do consumo responsable, a través da posta en valor dos beneficios que aporta o comercio de proximidade: a cercanía e o atención personalizada, a xeración de riqueza e emprego, a calidade, a sostibilidade etc...

En definitiva, con esta iniciativa trátase de achegar as persoas mozas, de 1º a 4º da ESO, á experiencia de poder facer as súas compras e desfrutar do ocio dunha forma independente e segura, a través dun percorrido por diferentes comercios locais onde poderán comprobar o impacto social, medioambiental e económico do consumo local e, a súa vez, desenvolver distintas habilidades tales como a comunicación ou o traballo en equipo.

No curso 2024-2025, desenvolverase unha primeira campaña piloto, ao longo dos meses de abril e maio, nas seguintes cidades: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, cun máximo de 150 alumnos/as participantes en cada unha delas.

### **DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA**

#### Proposta didáctica.

No desenvolvemento do proxecto traballaranse diferentes competencias clave mediante o movemento, o traballo en equipo e a escoita activa.

Competencia lingüística, competencia social e cidadá, competencia matemática, competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia de conciencia e expresión cultural e competencia para a innovación e a investigación educativa, fomentarán no alumnado o pensamento crítico e creativo, a iniciativa emprendedora e a autonomía, a participación activa e conciencia social, a educación en valores e o aprendizaxe significativo.

A través desta proposta didáctica foméntase nas persoas participantes unha aprendizaxe activa, significativa e conectada coa súa contorna, potenciando así unha formación integral e responsable.

**A campaña desenvolverase atendendo ás seguintes fases e cronograma.**

#### 1ª FASE. SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES

##### 1. Lanzamento da convocatoria.

Enviárase un correo a todos os centros educativos das cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo coa información detallada do proxecto e a invitación de que o seu alumnado de 1º ata 4º da ESO participen na convocatoria.

##### 2. Inscripción.

Para a participación na campaña cada centro educativo deberá inscribirse e rexistrase no formulario que se achega no correo de convocatoria.

**A data límite para inscribirse é o 30 de abril.**

Cada centro educativo poderá inscribir un número ilimitado de clases

##### 3. Envío da proposta.

Para ser seleccionados para participar na campaña **Localizate! no teu comercio local**, cada clase de cada centro educativo, deberá realizar unha proposta que consistirá en escoller un comercio da localidade respectiva e propoñer unha acción (idea, campaña, contidos en RRSS) que dito comercio poida desenvolver para chegar ao público de entre 12 e 16 anos.

A idea do proxecto deberá recollerse no soporte que se considere mais adecuado (vídeo curto, pdf, presentación powepoint etc...) e remitirse ao enderezo electrónico [localizate.comercio@xunta.gal](mailto:localizate.comercio@xunta.gal)

**A data límite de recepción das propostas é o 2 de maio.**

#### 4. Xurado

Co obxecto de supervisar e valorar as propostas presentadas, constituirase un xurado que terá a consideración de comisión de valoración e estará integrado por:

- a) Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo ou a persoa en quen delegue.
- b) Vogais: ata un máximo de catro vogais designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo entre persoal técnico da Xunta de Galicia e/ou persoal de recoñecido prestixio no sector comercial.
- c) Secretario/a: unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, con voz pero sen voto.

Os/as suplentes, se é o caso, serán designados/as pola persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

A composición do xurado farase pública antes da súa constitución na páxina web <https://comercio@xunta.gal>

#### 5. Criterios de valoración das propostas

Os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas serán os seguintes:

- a) Mellor solución (ata 5 puntos)
- b) Maior alcance (ata 5 puntos)
- c) Menor custo de implementación (ata 5 puntos)
- d) Creatividade e orixinalidade (ata 5 puntos)

O xurado propondrá como participantes as clases dos centros educativos que obtiveron unha maior puntuación (máximo 20 puntos) ata completar un máximo de 150 alumnos/as participantes en cada localidade.

Do resultado se dará publicidade na páxina web <https://comercio@xunta.gal> e se comunicará aos centros educativos seleccionados.

## 6. Aceptación dos centros educativos

A participación das persoas interesadas supón a aceptación total das condicións fixadas para o desenvolvemento da campaña e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación.

A estes efectos os centros educativos seleccionados deberán asinar a súa aceptación previa a participación na campaña **Localizate! no teu comercio local**.

### 2ª FASE. **LOCALIZATE! no teu comercio local**.

Nesta fase o alumnado seleccionado participará na **xincana do comercio local** que terá lugar en horario lectivo de mañá (entre as 9:30 horas e as 13:30 horas), nas seguintes **datas**:

Vigo: **12 de maio**

A Coruña: **13 de maio**

Ourense: **14 de maio**

Lugo: **15 de maio**

A xincana desenvolverase nas zonas comerciais do centro de cada unha das cidades (preferentemente en zonas peonís).

Cada clase participante estará dividida en grupos dun mínimo de 8 e un máximo de 10 alumnos/as. Cada grupo irá acompañado dunha persoa adulta responsable durante todo o percorrido da xincana.

A xincana consistirá en que cada grupo supere seis probas ao longo dun percorrido por distintos establecementos comerciais e postos das prazas de abastos, a través das cales coñecerán de primeira man as tipoloxías do comercio de proximidade, a actividade comercial e interactuarán coas persoas comerciantes.

Cada proba consistirá en responder a unha pregunta relacionada coa actividade comercial. Para acadar a resposta correcta deberanse acercar a un determinado establecemento comercial no cal poderán discorrer a resposta. Por cada resposta correcta o equipo recibirá unha peza dun puzle e resultará gañador o equipo que complete o puzle no menor tempo.

O alumnado recibirá o material e as instrucións necesarias para a realización de cada proba e desenvolvemento da xincana.

### Agasallos

Cada alumno/a participante recibirá merchandising da campaña de agasallo e o equipo gañador un agasallo especial de carácter non monetario.

### Condicións xerais.

- O traslado dende o centro educativo ao punto de encontro para o inicio da xincana, así como a volta, será responsabilidade e correrá a cargo do centro educativo.
- Cada clase deberá estar, como mínimo, acompañada por dúas persoas designadas responsables polo centro educativo.
- O alumnado participante deberá contar co permiso dos pais ou persoa responsable a cargo, para a difusión de imaxes da campaña nas redes sociais e, no seu caso, outros medios de comunicación.